

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Estimados pais/nais de alumnos/as :

A Resolución de 7 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa da Consellería de Educación (D.O.G. 20/09/12) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares relativos a elección dos/as representantes de pais/nais de alumnos/as.

1.- CONSELLO ESCOLAR.

É o órgano de participación no centro dos diferentes sectores da comunidade educativa*, a súa composición é a seguinte:

- Director/a do centro.
- Xefe/a de Estudos.
- Secretario/a (con voz pero sen voto).
- 5 Profesores/as elixidos/as polo Claustro.
- 5 Pais/nais de alumnos/as (1 proposto/a pola ANPA e 4 elixidos polos/as pais/nais de alumnos/as).
- 1 Representante do persoal de Administración e Servizos.
- 1 Representante do Concello.

Os membros do Consello Escolar son elixidos por 4 anos e renóvanse parcialmente cada dous. Neste curso compre facer unha renovación e de acordo coa lexislación vixente no sector pais/nais de alumnos/as corresponde renovar 2 dos membros deste sector .

2.- XUNTA ELECTORAL.

Todo o proceso electoral estará organizado e supervisado por unha xunta electoral formada por:

- Directora do centro: D^a M^a Victoria Suárez Taibo
- 1 profesor/a (elixido por sorteo): D^a Ana Abalo de Dios
- 1 Pai/nai de alumno/a (elixido por sorteo): D^a Yeimi Yesenia Vergara Londoño
- 1 Representante do persoal de Administración e Servizos (elixido por sorteo): D^a Mercedes Porto Fernández

3.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS.

A) Electores

O pai e a nai ou os titos legais (poden votar os dous) dos/as alumnos/as no centro e que figuren no censo de pais/nais que está exposto no taboleiro de anuncios da entrada principal (no lado esquerdo de Secretaría) do colexio.

Se Vde. non figurase no censo ou advertira algún erro, póñao en coñecemento na secretaría do centro antes do día 12 de novembro para proceder a súa rectificación pola Xunta Electoral.

B) Elixibles.

Todos os electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitalo á Xunta Electoral, para elo pode facer Vde. unha solicitude ou ben recoller na Secretaría do colexio un impreso.
